

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3420 *REAL DECRETO 262/2008, do 22 de febreiro, sobre a integración das froitas e hortalizas no réxime de pagamento único e o establecemento dos pagamentos transitorios para os sectores de cítricos e tomates enviados a transformación. («BOE» 47, do 23-2-2008.)*

O Regulamento (CE) n.º 1182/2007 do Consello, do 26 de setembro, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, co fin de alcanzar os obxectivos da reforma da política agrícola común, estableceu que as axudas á transformación de determinadas froitas e hortalizas se integren no réxime de pagamento único. No mesmo sentido, aprobáronse o Regulamento (CE) n.º 1522/2007 da Comisión, do 19 de decembro de 2007, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003, e o Regulamento (CE) n.º 1548/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello no que respecta aos réximes de axuda previstos nos títulos IV e IVbis do citado regulamento, e á utilización das terras retiradas da produción con vistas á obtención de materias primas, no que especificamente se regulan os pagamentos ligados transitorios establecidos no Regulamento (CE) n.º 1182/2007. Para proceder á devandita integración das froitas e hortalizas, os regulamentos comunitarios establecen uns períodos e unhas normas transitorias.

O Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á ganadería, estableceu a normativa de aplicación para España dos regulamentos comunitarios que regulan as axudas daqueles sectores xa incluídos no «réxime de pagamento único», e derogou todas aquelas normas transitorias para chegar a esa integración total.

O novo sector que agora se incorpora necesita do establecemento de novas normas transitorias que, pola súa complexidade, se considera que deben figurar nunha norma independente ata a súa integración nese réxime.

Por tanto, procede, como complemento do Real decreto 1470/2007, publicar unha norma en que se establezan, de maneira unificada, todas as disposicións que, de acordo cos devanditos regulamentos, afectan a integración no réxime de pagamento único do sector das froitas e hortalizas, incluíndo neste as axudas ligadas transitorias establecidas nos sectores dos cítricos e os tomates, en aplicación dos artigos 64 e 68ter do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

O artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 establece as condicións que deben cumprir os agricultores para se poderen acoller ao réxime de pagamento único e o Regulamento (CE) n.º 795/2004, no seu artigo 12.1, facilita aos Estados membros a asignación dos dereitos de pagamento único mediante o establecemento provisorio destes, co fin de informar os interesados a respecto dos seus datos para que dispoñan dun período de tempo durante o cal lles poidan notificar ás administracións públicas as modificacións que se producisen respecto ao período de referencia establecido para cada sector.

De acordo co disposto nos artigos 37, 40 e 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, establécense as normas para o cálculo dos diferentes tipos de dereitos de axuda seguindo as especificacións que para iso se establecen no Regulamento (CE) n.º 795/2004.

Establécense, así mesmo, as excepcións que, de acordo co artigo 51 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, se poden determinar para a utilización de superficies plantadas de froitas e hortalizas de cara á xustificación dos dereitos de pagamento único.

Co fin de atender as situacións previstas no artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, e no capítulo 2 e na sección 3 do capítulo 3 do Regulamento n.º (CE) 795/2004, é necesario permitirilles o acceso á reserva nacional aos produtores de froitas e hortalizas, e establecer, conforme o disposto para tales efectos nos citados regulamentos, a porcentaxe de redución que se aplicará, para incorporar á citada reserva nacional, sobre os importes de referencia destes produtores.

Así mesmo, inclúense nunha disposición adicional algunhas modificacións do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, necesarias como consecuencia da integración das froitas e hortalizas no réxime de pagamento único.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto, dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico e de natureza conxuntural e cambiante, intimamente ligada ao desenvolvemento da normativa comunitaria.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2008,

DISPÕO :

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto establece as normas básicas para a incorporación, a partir da campaña 2008-2009, no réxime de pagamento único, das froitas e hortalizas mencionadas no artigo 1.2 do Regulamento (CE) n.º 2200/1996 do Consello, do 28 de outubro, polo que se establece a organización común de mercados no sector das froitas e hortalizas, e no artigo 1.2 do Regulamento (CE) n.º 2201/1996 do Consello, do 28 de outubro, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas.

Así mesmo, establécense as bases e requisitos para solicitar os pagamentos transitorios de froitas e hortalizas, que se outorgarán en España en aplicación do disposto nos artigos 64 e 68 ter do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

«Receptor»: calquera persoa que realice un acordo de compravenda cun solicitante da axuda transitoria que sexa produtor de cítricos destinados á transformación polo que compre pola súa conta, para a súa posterior venda a un transformador, as cantidades acordadas de, polo menos, un dos seguintes produtos: laranxas doces,

mandarinas, clementinas, satsumas, limóns e toranxas e pomelos.

Así mesmo, deberanse ter en conta as definicións establecidas no artigo 2 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.

Artigo 3. *Aplicación parcial e facultativa.*

Utilizarase a aplicación parcial transitoria establecida na sección 2 do capítulo 5 do título III do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, nas opcións e produtos a que se refire o artigo 68 ter número 1 e número 2.a) do modo seguinte:

a) Tomate para transformación: durante os anos 2008, 2009 e 2010 manterase ligado á produción o 50 por cento do orzamento establecido no número 3 do artigo 68 ter do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, o que supón un total de 28.116.500 euros.

b) Cítricos para transformación: durante os anos 2008 e 2009 manterase ligado á produción o 100 por cento do orzamento correspondente a cítricos, que forma parte do establecido no número 4 do artigo 68 ter do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, o que supón un total de 93.733.000 euros.

Artigo 4. *Condicións artificiais.*

Sen prexuízo de calquera disposición específica contida nos réximes de axuda concretos, non se efectuará ningún pagamento a ningún beneficiario cando se demostre que este creou artificialmente as condicións requiridas para a concesión de tales pagamentos, con vistas a obter unha vantaxe contraria aos obxectivos do réxime de axudas.

TÍTULO I

Integración das froitas e hortalizas no réxime de pagamento único

CAPÍTULO I

Admisión ao réxime de pagamento único

Artigo 5. *Período de referencia.*

O período representativo a que fai alusión o artigo 33.1.a) do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e que servirá de base para establecer os dereitos de pagamento único no sector das froitas e hortalizas será:

a) En cítricos, as plantacións existentes en 30 de setembro de 2006.

b) En melocotóns de carne amarela aptos para transformación, en diante melocotóns, e peras Williams e Rocha, en diante peras, as campañas 2003-2004, 2005-2006 e 2006-2007.

c) En ameixas secas de Ente, en diante ameixas secas, as campañas 2004-2005, 2005-2006 e 2006-2007.

d) En figos secos, as campañas 2003-2004, 2005-2006 e 2006-2007.

e) En uvas moscatel para pasificación, en diante uvas pasas, as campañas 2004-2005, 2005-2006 e 2006-2007.

f) En tomates para transformación, as campañas 2004-2005, 2005-2006 e 2006-2007.

Artigo 6. *Novos beneficiarios do réxime de pagamento único.*

1. De acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, poderanse acoller ao réxime de pagamento único os agricultores a que se refire o seu artigo 33.1.a) que no período ou data de referencia establecidos no artigo 5 deste real decreto eran produtores de froitas e hortalizas.

2. Tamén se poderán acoller todos aqueles agricultores que, cumprindo os demais requisitos e condicións previstos no réxime de pagamento único, recibisen a explotación ou parte dela dun agricultor a que se refire o número anterior por algunha das circunstancias indicadas no artigo 14.

3. Así mesmo, serán beneficiarios os agricultores que teñan dereito a recibir dereitos da reserva nacional segundo o indicado no artigo 16.

Artigo 7. *Admisibilidade ao réxime de pagamento único e solicitude de admisión.*

1. Para seren admitidos no réxime de pagamento único, todos os agricultores que non sexan xa perceptores del deberán solicitar a súa admisión ao dito réxime no ano 2008, nos prazos e lugares establecidos no artigo 92 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, sobre a presentación da solicitude única.

Malia o indicado no parágrafo anterior, os agricultores que sexan produtores de cítricos deberán pedir a admisión ao réxime de pagamento único en 2010 sen prexuízo de que na solicitude única de 2008 deban declarar, por especies, a superficie que forma parte da súa explotación e que en 30 de setembro de 2006 estaba plantada de cítricos. As comunidades autónomas, durante os anos 2008 e 2009, comprobaran a veracidade destas declaracións.

2. Os agricultores poderán solicitar a admisión ao réxime de pagamento único á vez que soliciten o cobramento deste mediante a solicitude única. Non obstante, aqueles agricultores que non soliciten o cobramento en 2008 deberán solicitar a admisión a ese réxime e acreditar, á satisfacción da comunidade autónoma correspondente, que son agricultores segundo a definición do artigo 2.a) do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

No caso dos agricultores que soliciten a súa admisión en 2010 por se incorporaren ao pagamento único exclusivamente como produtores de cítricos, poderán, así mesmo, solicitar a admisión ao réxime de pagamento único á vez que o cobramento deste mediante a solicitude única da campaña 2010. Non obstante, aqueles agricultores que non soliciten o cobramento en 2010 deberán solicitar nesa campaña a admisión ao devandito réxime e acreditar, á satisfacción da comunidade autónoma correspondente, que son agricultores segundo a definición do artigo 2.a) do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

3. Os agricultores que soliciten dereitos da reserva nacional deberano facer ao mesmo tempo que presentan a solicitude única.

4. Salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, tal e como se detallan no artigo 13 deste real decreto, non se concederán dereitos definitivos de axuda se non se solicita a admisión ao réxime de pagamento único.

Artigo 8. *Cálculo de dereitos de axuda.*

1. O importe de referencia provisorio calcularase, para os agricultores a que se refire o artigo 6 deste real decreto, de conformidade co previsto nos artigos 37 e 40, así como no punto M do anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

2. Os importes de referencia provisorios e definitivos de todos os agricultores acollidos ao réxime de pagamento único estarán afectados polas limitacións e reducións establecidas nos artigos 41 e 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e demais disposicións aplicables.

3. Os dereitos de axuda de pagamento único provisorios calcularanse de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e no Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril. Tras finalizar o período de solicitude de admisión ao réxime de pagamento único en 2008 e en 2010, para os produtores de cítricos, procederá a calcular os novos dereitos definitivos para cada produto segundo o disposto no artigo 48 octies do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

4. Aplicaranse os artigos 13.4 e 18.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, cando simultaneamente o agricultor iniciase a actividade ou recibise unha herdanza, se encontre en situación de forza maior ou circunstancias excepcionais das previstas no artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, ou deba recibir dereitos da reserva nacional sobre as mesmas unidades de produción.

5. No caso dos cítricos, o importe de referencia correspondente a cada agricultor calcularase sumando os importes de referencia correspondentes ás laranxas, ás mandarinas, clementinas e satsumas, aos limóns e ás toranxas e pomelos. Os importes de referencia de cada tipo de produto calcularanse multiplicando a superficie existente en 30 de setembro de 2006 de cada tipo de produto por un importe unitario (€/ha) diferenciado tamén por tipo de produto, que se obterá dividindo o límite orzamentario diferenciado: laranxas, mandarinas, clementinas e satsumas: 80.333.000, limóns: 13.333.000 € e toranxas e pomelos: 67.000 €, entre as hectáreas efectivamente plantadas de cada tipo de produto en 30 de setembro de 2006. O número de dereitos determinarase baseándose nas hectáreas efectivamente plantadas en 30 de setembro de 2006.

6. No caso do melocotón e da pera, o importe de referencia correspondente a cada agricultor calcularase, establecendo unha media trienal, a partir dos quilogramos con axuda entregados para transformación e liquidados polas organizacións de produtores recoñecidas tal como se define no artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 2200/1996 do Consello, do 28 de outubro, en diante OP, a cada produtor en cada campaña do período de referencia multiplicados polos importes unitarios de axuda regulamentarios, correspondentes a cada especie en cada campaña. O número de dereitos determinarase segundo a media trienal das superficies indicadas nas declaracións finais de efectivos produtivos e determinadas do período de referencia.

7. No caso de ameixas secas e de figos secos, o importe de referencia correspondente a cada agricultor calcularase, establecendo unha media trienal, a partir dos quilogramos con axuda entregados para transformación por cada agricultor á OP en cada campaña do período de referencia, diferenciados por calibres, multiplicados polos importes unitarios de axuda regulamentarios, correspondentes a cada especie e calibre en cada campaña. O número de dereitos das ameixas secas establecerase segundo a media trienal das superficies indicadas nas declaracións finais de efectivos produtivos e determinadas do período de referencia. O número de dereitos dos figos secos calcularase como media trienal do resultado de dividir os quilogramos de figos secos entregados para transformación en cada campaña entre un rendemento medio nacional de 3.000 kg de figos secos por hectárea.

8. No caso de uvas pasas, o importe de referencia correspondente a cada agricultor calcularase, establecendo unha media trienal, a partir da superficie determi-

nada de uvas pasas de cada agricultor durante o período de referencia multiplicada por un importe unitario (€/ha), que se obtén dividindo o límite orzamentario asignado para o sector da uva pasa, 2.100.000 €, entre unha media trienal da superficie total determinada, correspondente aos beneficiarios do réxime. O número de dereitos establecerase segundo a media trienal das superficies determinadas do período de referencia.

9. No caso do tomate, o importe de referencia correspondente a cada agricultor calcularase, establecendo unha media trienal, a partir dos quilogramos con axuda entregados para transformación e liquidados polas OP a cada produtor en cada campaña do período de referencia, diferenciando por tipo de produto («pelado enteiro» e «outros produtos»), multiplicados polos importes unitarios de axuda regulamentarios, correspondentes a cada tipo de produto en cada campaña. O número de dereitos establecerase segundo a media trienal das superficies indicadas nas declaracións finais de efectivos produtivos e determinadas do período de referencia. Na campaña 2008, asignaráselles os dereitos aos beneficiarios cun factor do 50 por cento de desligamento. O devandito factor pasará a ser do 100 por cento a partir de 2011, asignándose o resto do dereito ao seu titular no ano 2011.

Artigo 9. *Asignación de dereitos de axuda provisorios e definitivos.*

1. Antes do 15 de marzo de 2008 asignaráselles os dereitos provisorios aos produtores de melocotón, pera, ameixas secas, figos secos, uvas pasas e tomate a que fai referencia o artigo 6.1 deste real decreto. Así mesmo, antes do 1 de febreiro de 2010, asignaráselles dereitos provisorios aos produtores de cítricos a que fai referencia o artigo 6.1 deste real decreto.

2. Asignaráselles dereitos definitivos aos produtores de melocotón, pera, ameixas secas, figos secos, uvas pasas e tomate, como máis tarde, o 31 de decembro de 2008, e aos produtores de cítricos, como máis tarde, o 31 de decembro de 2010, sempre que:

a) Tendo asignados dereitos provisorios presentasen unha solicitude de admisión ao réxime.

b) Non recibisen asignación provisoriosa e estean recollidos no artigo 6.2 deste real decreto, tendo presentado alegacións e mais a solicitude de admisión ao réxime de axuda para a asignación definitiva de dereitos.

c) Soliciten dereitos á reserva nacional por se encontraren nalgunha das situacións descritas no artigo 16 deste real decreto e cumpran as condicións para a asignación e presentasen a solicitude de admisión ao réxime de pagamento único para a devandita asignación de dereitos.

Artigo 10. *Comunicacións e actualización de datos.*

1. As comunidades autónomas, unha vez que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación remitise os datos necesarios para tal fin, enviaránlles aos beneficiarios do réxime de pagamento único definidos no artigo 6.1 deste real decreto, por calquera das formas posibles que lles permitan a estes o coñecemento dos seus propios datos, incluída a posibilidade de acceso ás bases de datos, unha comunicación de dereitos provisorios relativos á incorporación das froitas e hortalizas ao réxime de pagamento único, que conteña, polo menos, a seguinte información:

a) O importe de referencia establecido segundo a incorporación das axudas aos sectores de froitas e hortalizas no réxime de pagamento único.

b) O número de hectáreas establecido segundo a incorporación das axudas aos sectores de froitas e hortalizas no réxime de pagamento único.

c) O número e valor dos dereitos de axuda provisorios que se determinen tendo en conta o establecido para tal efecto polo Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

Malia o indicado no parágrafo anterior, os produtores de cítricos recibirán a citada información antes do 1 de febreiro de 2010.

2. Para os efectos desta comunicación, considerarase que a comunidade autónoma competente é aquela en que o produtor teña asignados os seus dereitos de pagamento único. Caso de ser un novo beneficiario do dito réxime, considerarase a comunidade autónoma onde o produtor presentase a súa última solicitude única. Caso de que for a primeira vez que o produtor presenta a súa solicitude única, considerarase a comunidade autónoma que comunicase unha maior superficie nos datos dese produtor a incorporar nos dereitos provisorios.

3. Aqueles agricultores que estean en desacordo cos datos correspondentes aos dereitos provisorios que se lles comuniquen poderán presentar, ante a autoridade competente, ata a data límite de presentación da solicitude única, alegacións, e, polo menos, a información contida no anexo I desta disposición, ata o día 30 de abril de 2008, mediante a cal se xustifiquen os motivos para un novo cálculo dos dereitos de axuda.

4. Para efectos de poder calcular os dereitos definitivos, os agricultores que se acollan ao establecido nos artigos 12 ao 14 deste real decreto deberán comunicar á comunidade autónoma onde presenten a súa solicitude única, nos modelos que esta estableza, os datos e documentos que se relacionan nos anexos I ao IV desta disposición antes do día 30 de abril de 2008.

5. Malia o disposto neste artigo, os produtores de cítricos deberán presentar as alegacións aos dereitos provisorios ou aquelas que se baseen no artigo 14 unicamente durante o período de presentación da solicitude única do ano 2010. As alegacións establecidas segundo os artigos 12 e 13 non serán de aplicación en cítricos.

6. As comunicacións de modificacións propostas polos agricultores serán verificadas pola autoridade competente e, no caso de se consideraren oportunas, modificaranse os datos do pagamento único.

Artigo 11. *Contratos de arrendamento no ano de asignación dos dereitos de pagamento único derivados das froitas e hortalizas.*

Nos contratos de arrendamento de terras, de acordo co disposto no artigo 27 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, considerarase arrendamento dos novos dereitos de axuda que se establezan como consecuencia da incorporación das froitas e hortalizas ao pagamento único, con terras, o ano da súa asignación, calquera cláusula dun contrato de arrendamento que preveña a cesión dun número de dereitos que non exceda o número de hectáreas arrendadas e cumpra co establecido no número 1 dese artigo.

Os dereitos de axuda e as hectáreas arrendaranse polo mesmo período de tempo.

O arrendador solicitará o establecemento dos dereitos de axuda da maneira prevista no artigo 27.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

O arrendatario solicitará o pagamento segundo o previsto no artigo 27.3 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

As solicitudes de arrendador e arrendatario presentaranse simultaneamente sempre que ambos teñan que presentala na mesma comunidade autónoma. En caso contrario, a solicitude de arrendatario incluírá unha referencia á do arrendador en canto ao nome e apelidos, NIF ou CIF e número de dereitos arrendados.

CAPÍTULO II

Alegacións á comunicación de dereitos provisorios

Artigo 12. *Agricultores que iniciasen a actividade durante o período de referencia.*

Cando un agricultor comezase a actividade agraria durante o período de referencia, deberá realizar a comunicación establecida no artigo 10.4 deste real decreto, co fin de establecer o importe de referencia e o número de hectáreas, se é o caso, en función do ano ou anos naturais durante os cales exerceuse a actividade agraria no período de referencia, e, así mesmo, deberá acreditar que exerceu a actividade agraria desde esa data ata o momento da comunicación, salvo algunha das causas de forza maior establecidas no artigo 13 deste real decreto.

Se o agricultor que inicia a actividade agraria no período de referencia se encontra, ademais, nalgunha das condicións establecidas no artigo 13, ou no artigo 14.a), ou ben no artigo 16, deste real decreto, asignaráselle as hectáreas e importes de referencia, con aplicación do disposto nos artigos 13.4 e 18.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

Artigo 13. *Dificultades excepcionais.*

Poderanse acoller ao réxime todos aqueles agricultores cuxa produción, durante algún ano do período de referencia, se vise afectada por casos de forza maior ou dificultades excepcionais, conforme o disposto no artigo 40 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

Os agricultores cuxa produción, durante o período de referencia, se vise afectada por casos de forza maior ou circunstancias excepcionais, ocorridos antes do citado período ou durante este, deberán realizar a comunicación establecida no artigo 10.4 deste real decreto, co fin de calcular o importe de referencia e o número de hectáreas que lle corresponden, en función dos anos do período de referencia non afectados por estes acontecementos. Non se poderá ter en conta a forza maior ou circunstancias excepcionais cando fosen solicitadas e obtidas axudas, no réxime de froitas e hortalizas ou en calquera outro réxime de axudas directas, por outro titular, para a mesma explotación e período.

Consideraranse casos de forza maior ou circunstancias excepcionais os seguintes:

- a) Falecemento do agricultor ou desaparición deste.
- b) Incapacidade laboral de longa duración do agricultor.
- c) Catástrofe natural grave que afectase seriamente as terras agrarias da explotación. Para poder acollerse a este punto deberá existir declaración de zona catastrófica por parte da autoridade competente, na rexión onde estea situada a explotación. En ningún caso se poderán considerar dentro del circunstancias climáticas anormais ocorridas nunha ou varias campañas.

No caso de que as medidas a que se refire este artigo cubran todo o período de referencia, establecerase un importe de referencia de acordo con criterios obxectivos e de modo que quede garantida a igualdade de trato entre os agricultores e se evite o falseamento da competencia e do mercado.

Artigo 14. *Cambios de titularidade.*

Os agricultores que, cumprindo os demais requisitos e condicións previstos no réxime de pagamento único, recibisen a explotación ou parte dela dun agricultor dos considerados no artigo 6.1 deste real decreto, por algunha

das circunstancias indicadas nos seguintes parágrafos, deberán realizar a/s comunicación/s establecida/s no/s artigo/s 10.4 e/ou 10.5 deste real decreto, sen prexuízo do disposto no artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e nos artigos 13,14,15 e 17 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

As circunstancias a que fai referencia o número anterior son as seguintes:

a) Por herdanza real ou herdanza anticipada, de acordo co disposto no artigo 33.1.b) do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e no 13 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril. Terán consideración de herdanza anticipada, para estes efectos, as xubilacións da actividade agraria e os programas aprobados de cesamento anticipado en que o herdeiro «inter vivos» sexa un familiar de primeiro grao do titular dos dereitos provisorios.

b) Que se producise un cambio da personalidade xurídica ou da denominación do agricultor, de acordo co establecido no artigo 33.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e no 14 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

c) Que se producisen fusións ou escisións deles conforme o disposto no artigo 33.3 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e no 15 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

d) Que obtivesen unha explotación ou parte dela por compravenda con cesión dos dereitos de axuda segundo o disposto no artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

CAPÍTULO III

Reserva nacional

Artigo 15. *Aspectos xerais.*

1. Á reserva nacional constituída segundo o artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e regulada no artigo 8 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, incorporárase o 2,3 por cento dos importes de referencia correspondentes ás froitas e hortalizas, despois de realizar os axustes do artigo 41.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e, se é o caso, a diferenza entre o límite máximo indicado no anexo VIII dese regulamento e a suma dos importes de referencia que deben concederse aos agricultores que se incorporen no réxime de pagamento único nos sectores das froitas e hortalizas.

2. Os importes derivados da retención dos importes de referencia do sector dos cítricos non se incorporarán á reserva nacional ata o ano 2010, momento en que se determinará qué produtores poden acceder á devandita reserva nacional e os criterios para o cálculo e asignación dos seus dereitos.

Artigo 16. *Acceso á reserva nacional.*

1. O primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento único no sector das froitas e hortalizas, 2008 para todos os sectores menos para o dos cítricos, en que se tratará de 2010, solicitándose previamente ata a data límite para a presentación da solicitude única, acompañada da información mínima establecida no anexo V, os produtores poderán obter dereitos de pagamento único da reserva nacional, sempre que se encontren nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Os produtores de froitas e hortalizas que se encontren nalgunha das situacións especiais a que se refire o artigo 42.4 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do

Consello, do 29 de setembro, e especificadas no artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, e que se relacionan a seguir:

1.º Agricultores que reciban terras por mediación de herdanza real ou anticipada dun agricultor falecido ou xubilado da actividade agraria e que as tivese arrendadas a unha terceira persoa durante o período de referencia de acordo co disposto no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

2.º Agricultores que efectuasen investimentos, ata o 1 de novembro de 2007, mediante a adquisición de terras ou o establecemento de novas plantacións en superficies da explotación non dedicadas anteriormente a froiteiras, e que participasen, na campaña 2007-2008, no réxime de axudas ao sector das froitas e hortalizas transformadas, de acordo co disposto no artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

3.º Agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes por sentenzas xudiciais ou actos administrativos firmes de acordo co disposto no artigo 23 bis do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.

b) Os novos agricultores que iniciasen a súa actividade agraria no sector das froitas e hortalizas; que, sen teren datos en ningunha das campañas do período de referencia, participasen no réxime de axudas ás froitas e hortalizas transformadas na campaña 2007-2008; e que demostraren que exerceron a actividade de forma continuada ata o momento da solicitude e que non recibiron axudas directas nin participaron no sector das froitas e hortalizas nos 5 anos anteriores á súa incorporación, de acordo co preceptuado no artigo 42.3 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

c) Os agricultores mozos que realizasen a súa primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural tal e como establece o artigo 9.2.b do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, incorporándose no sector das froitas e hortalizas, e que non recibisen axudas directas nin participasen no sector das froitas e hortalizas nos 5 anos anteriores á súa instalación, de acordo co preceptuado no artigo 42.3 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.

d) Os agricultores cuxas explotacións estean situadas en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento suxeitos a algún tipo de intervención pública, no que se refire aos programas de concentracións parcelarias.

2. Nos supostos previstos no artigo 18.4 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, cando os arrendamentos expiren despois da data límite para a presentación da solicitude ao abeiro do réxime de pagamento único no ano 2008, o agricultor deberá presentar, en todo caso, unha solicitude de admisión ao réxime en 2008, e poderá solicitar o pagamento dos seus dereitos de axuda ata a data límite para a presentación de solicitudes ao abeiro do réxime de pagamento único no ano seguinte ao dese vencemento.

Artigo 17. *Criterios para o cálculo e asignación de dereitos da reserva nacional.*

1. Será de aplicación o indicado nos artigos 10.1, 10.2 e 10.6 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro.

2. O modo do cálculo dos dereitos e o seu importe, para os agricultores que se encontren nunha situación das especificadas nos números 1.a (excepto o punto 3.º), 1.b e 1.c do artigo 16, realizarase mediante a asignación, segundo criterios obxectivos, dun importe medio por sector e por hectárea segundo a que se asignan dereitos de pagamento único, en función do produto de que se trate. En calquera caso, o número de dereitos sobre os cales se

establecerá o dito importe dependerá das hectáreas afectadas por cada un dos posibles tipos de solicitudes, polas que non se posúan xa dereitos de pagamento único.

3. Nos casos en que o agricultor estea lexitimado para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes en virtude dunha sentenza ou dun acto administrativo firme (número 1.a.3.º do artigo 16) ou a recibir dereitos de axuda por estar situada a súa explotación en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento suxeitos a algún tipo de intervención pública (número 1.d do artigo 16), os dereitos calcularánselle como establece o artigo 10 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro.

4. A asignación definitiva dos dereitos procedentes da reserva nacional realizarase segundo o procedemento descrito nos números 7 e 8 do artigo 10 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro. Non obstante o disposto no primeiro parágrafo do artigo 10.8 citado, para o ano 2008, a data límite para a notificación da asignación definitiva de dereitos aos agricultores será o 31 de decembro de 2008.

TÍTULO II

Pagamentos transitorios por froitas e hortalizas

CAPÍTULO I

Axuda aos cítricos para transformación

Artigo 18. *Obxecto.*

Durante os anos 2008 e 2009, concederáse a axuda transitoria por superficie prevista no artigo 110 unvicies do capítulo 10 octies do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, para os agricultores produtores de cítricos con destino a transformación, sempre que cumpran as condicións establecidas polas normas comunitarias e nacionais.

Artigo 19. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Os agricultores con plantacións de cítricos que cumpran as condicións que se recollen no seguinte número poderanse beneficiar das axudas por superficie establecidas no seguinte artigo.

2. Para ter dereito ás axudas, o agricultor deberá:

a) Presentar a solicitude única establecida no artigo 90 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, que conterá, polo menos, a información recollida no anexo XIV do citado real decreto, onde se inclúan as parcelas de cítricos destinados a transformación, con indicación da especie cultivada. Cando o agricultor pertenza a unha organización de produtores recoñecida tal como se define no artigo 171 quinquies (e) do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, en diante OP, deberá identificala na solicitude única. A superficie mínima por solicitude será de 0,3 ha. Será de aplicación todo o estipulado sobre a solicitude única no devandito real decreto.

b) Destinar á transformación parte ou a totalidade da produción procedente das ditas parcelas, amparada mediante un contrato de transformación que terá as características establecidas no artigo 21 deste real decreto.

c) Entregar á transformación un mínimo de 2.300 kg/ha no caso de laranxas doces e limóns e de 1.300 kg/ha no caso de mandarinas, clementinas, satsumas e toranxas e pomelos. Non obstante, se o agricultor entrega a súa produción a través dunha OP, ou a través dun receptor, o requisito de entrega mínima entenderase cumprido para o conxunto dos agricultores incluídos no contrato formalizado entre a OP ou o receptor e un primeiro transformador, en diante transformador, cando se alcance un rende-

mento global establecido como cociente entre os quilogramos entregados baixo contrato e a superficie determinada total deste.

Artigo 20. *Contía e límite da axuda.*

1. A contía indicativa da axuda por hectárea será a seguinte:

Laranxas doces, mandarinas, clementinas e satsumas: 290 €/ha.

Limóns: 321 €/ha.

Toranxas e pomelos: 63 €/ha.

2. O importe final da axuda por hectárea será determinado, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 10 de maio do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, dividindo o límite máximo nacional de cada especie cítrica, que se recolle no número seguinte, entre as respectivas superficies determinadas comunicadas polas comunidades autónomas segundo o establecido no artigo 27.2 deste real decreto.

3. Os pagamentos desta axuda neste sector e en cada campaña non poderán superar os límites orzamentarios seguintes: laranxas, mandarinas, clementinas e satsumas: 80,333 M€; limóns: 13,333 M€; e toranxas e pomelos: 0,067 M€.

Artigo 21. *Forma, contido e data de celebración dos contratos de transformación.*

1. Subscribírase un contrato por separado para cada unha das seguintes especies cítricas e destinos:

a) Laranxas doces, mandarinas, clementinas, limóns e toranxas e pomelos con destino a zumes.

b) Clementinas e satsumas con destino a cuarteiróns.

2. Os contratos poderán ser:

a) Un contrato que se subscribirá entre:

1.º Parte vendedora, que poderá ser: un agricultor, unha OP ou un receptor autorizado.

2.º Parte compradora, que será un transformador autorizado.

b) Un compromiso de entrega cando a OP actúe tamén como transformador. Neste caso, cando a OP reciba materia prima de agricultores que non son socios desta para a súa transformación pola OP, deberase formalizar un contrato de transformación entre tales agricultores e a OP.

3. Para cada ano do réxime transitorio de axudas, a parte vendedora só poderá subscribir un contrato por unha especie determinada e por transformador.

4. Unha OP poderá contratar cantidades destinadas á transformación producidas por outros produtores distintos aos seus agricultores afiliados, caso en que será necesaria a subscripción dun acordo de compravenda entre o agricultor e a OP.

5. Os agricultores que contraten directamente cos transformadores deberán contratar e entregar á transformación un volume mínimo anual para a transformación de 100 t, para as especies de laranxas doces e limóns, e de 50 t para as especies de mandarinas, clementinas, satsumas e toranxas e pomelos.

6. Os contratos deberán conter, polo menos, os datos que se indican a seguir:

a) A identificación das partes contratantes. No caso dos compromisos de entrega, deberá figurar a identificación da OP.

b) A relación de cada un dos produtores solicitantes da axuda amparados polo contrato e a superficie das súas parcelas das que procedan os cítricos entregados á trans-

formación e que fosen incluídas nas respectivas solicitudes únicas.

c) A cantidade de materia prima que deba entregarse para a transformación.

d) O período en que se realicen as entregas nas fábricas de transformación.

e) A obriga dos transformadores de transformar as cantidades entregadas en virtude do contrato e admitidas a transformación e o compromiso de que tales cantidades non saian da fábrica nin sexan utilizadas para outros fins.

f) O prezo de compravenda da materia prima.

7. Os contratos subscribíranse antes do 1 de decembro de cada ano.

Artigo 22. *Períodos de entrega.*

As entregas de materia prima ás transformadoras realizaranse entre o 1 de abril do ano de presentación da solicitude única e o 31 de marzo do ano seguinte ao de presentación da solicitude única.

Artigo 23. *Presentación dos contratos e xustificación das entregas.*

1. O agricultor que contratase directamente co transformador presentará o contrato ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentase a solicitude única antes do 1 de decembro de cada ano, e en todo caso 5 días hábiles antes do comezo das entregas. A dita autoridade asignaralle un número de identificación ao contrato e comunicarlle ao solicitante e mais ao transformador.

2. O contrato suscrito co transformador será presentado pola OP ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social e polo receptor ao órgano competente da comunidade autónoma onde teña as súas instalacións, antes do 1 de decembro de cada ano, e en todo caso 5 días hábiles antes do comezo das entregas. Esa autoridade asignaralle un número de identificación ao contrato e comunicarlle á OP ou receptor e mais ao transformador.

3. Os transformadores deberán remitir ao órgano competente da comunidade autónoma onde se encontre a fábrica de transformación unha xustificación das cantidades recibidas para a transformación baseándose en cada contrato, antes do 15 de abril do ano seguinte ao de presentación da solicitude única.

4. A comunidade autónoma receptora dos datos indicados nos números anteriores remitirá á autoridade competente que corresponda a información relativa aos solicitantes que non presentaron a solicitude única no seu ámbito territorial.

Artigo 24. *Solicitudes de autorización dos transformadores e receptores.*

1. Os transformadores que están autorizados para a súa participación no réxime de axudas baseándose no Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello, do 28 de outubro, polo que se establece un réxime de axuda aos produtores de determinados cítricos, que viñeron actuando como tales nalgunha das tres campañas anteriores, consideraranse autorizados.

2. Para as autorizacións dos receptores e as novas autorizacións de transformadores que desexen participar no réxime de axudas, os interesados deberán presentar unha solicitude, antes do 14 de agosto de cada ano, ante o órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal radiquen as súas instalacións. Non obstante, no ano 2008 os receptores e novos transformadores que desexen participar no réxime de axudas desde o 1 de abril de 2008, deberán presentar a citada solicitude antes do 1

de marzo do ano en cuestión e dispor da autorización antes de formalizar contratos de transformación.

3. A solicitude de autorización dos transformadores conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo VI deste real decreto, e poderá comprender un ou os dous anos do período transitorio.

Xunto coa solicitude, os transformadores xustificarán, para cada unha das súas fábricas, a capacidade de transformación por hora do produto para obter cuarteiróns e a capacidade de extracción, pasteurización e concentración por hora para elaborar zumes, segundo o tipo de elaborado correspondente, de cada unha das súas fábricas. A acreditación de tales extremos conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo VII deste real decreto. Así mesmo, deberanse comprometer a levar unha contabilidade específica que permita obter, polo menos, a información, por especie, a que se refire o artigo 25 deste real decreto.

4. A solicitude de autorización dos receptores conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo VIII deste real decreto, e poderá comprender un ou os dous anos do período transitorio. Os receptores xustificarán que teñen suficiente capacidade para a xestión dos contratos de compravenda e disporán, en particular:

a) Da alta no imposto de actividades económicas durante a duración do contrato, para a actividade comercializadora de froitas e hortalizas.

b) Da contabilidade específica que conteña:

1.º As cantidades compradas aos solicitantes da axuda, coa identificación destes.

2.º As cantidades vendidas aos transformadores, coa identificación do contrato.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará, antes do 1 de outubro de cada ano, segundo a información recibida en virtude do disposto no artigo 27.3 deste real decreto, as relacións de transformadores e receptores autorizados en cada ano do período transitorio. Non obstante, antes do 1 de abril de 2008, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará a lista dos receptores e transformadores autorizados ata esa data.

6. As comunidades autónomas poderán retirar a autorización nos casos e formas previstos para estes efectos no Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

Artigo 25. *Comunicacións dos transformadores.*

1. En cada ano os transformadores comunicarán á autoridade competente a semana en que vaian comezar as operacións de transformación cunha antelación mínima de 5 días hábiles antes de comezar as operacións de transformación.

2. Como máis tarde, o 15 de abril do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, os transformadores comunicaranlle ao órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as súas instalacións os datos seguintes desagregados por produtos, obtidos da contabilidade específica que se estableceu baseándose no artigo 24 deste real decreto:

a) A cantidade de produto apto para transformación recibida por cada lote e por cada un dos contratos, así como a cantidade de produto recibida á marxe dos contratos.

b) As cantidades de zume obtidas, desagregadas en función do grao de concentración, expresado en graos Brix, especificando as cantidades obtidas a partir de lotes entregados en virtude dos contratos.

c) O rendemento medio da materia prima en zume, expresado en peso, e a concentración dese zume, expresada en graos Brix.

d) As cantidades de cuarteiróns obtidas, especificando as cantidades obtidas a partir dos lotes entregados en virtude dos contratos.

e) As existencias de cada produto acabado que se encontren en almacén en 31 de marzo e en 30 de setembro.

As cantidades indicadas expresaranse en peso neto.

As comunicacións anteriormente mencionadas irán asinadas polo transformador, que certificará así a súa veracidade.

Artigo 26. *Controis.*

1. Serán de aplicación todas as medidas establecidas para efectos do control e pagamento das axudas no artigo 97 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro.

2. Os transformadores porán á disposición da Administración a súa contabilidade específica, establecida segundo o indicado no artigo 24 deste real decreto, para as comprobacións e controis que resulten necesarios.

Artigo 27. *Comunicacións.*

As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a seguinte información:

1. Para dar cumprimento ao indicado no artigo 3.1.e).v. do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, antes do 15 de xullo do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, o importe total correspondente aos pagamentos que se concederon.

2. Co fin de establecer os importes finais da axuda a que se refire o artigo 20.2 deste real decreto, antes do 30 de abril do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, as superficies determinadas, por especies, atendendo á desagregación indicada no artigo 20.3.

3. A relación dos transformadores e receptores autorizados, e as localidades onde estean situadas as súas fábricas e instalacións, respectivamente, antes do 15 de setembro de cada ano. Non obstante, en 2008, as comunidades autónomas comunicarán:

a) Antes do 1 de marzo, os transformadores autorizados ata a data.

b) As novas autorizacións que se concedan a partir da citada data e ata o 15 de setembro, no prazo máis breve posible desde que sexa efectiva tal autorización.

CAPÍTULO II

Axuda aos tomates para transformación

Artigo 28. *Obxecto.*

Durante os anos 2008, 2009 e 2010 concederáse a axuda transitoria por superficie prevista no artigo 110 unvices do capítulo 10 octies do título IV do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, para os agricultores produtores de tomates con destino á transformación, sempre que se cumpran as condicións establecidas polas normas comunitarias e nacionais.

Artigo 29. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Os agricultores con plantacións de tomates que cumpran as condicións que se recollen no seguinte número poderanse beneficiar das axudas por superficie establecidas no seguinte artigo.

2. Para ter dereito ás axudas, o agricultor deberá:

a) Presentar a solicitude única establecida no artigo 90 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, que conterá, polo menos, a información recollida no anexo XIV do citado real decreto, onde se inclúan as parcelas de tomate

destinado á transformación, con indicación do tipo de tomate cultivado e o destino da produción, e a identificación da entidade á cal lle vai realizar as entregas. A superficie mínima por solicitude será de 0,3 ha. Será de aplicación todo o estipulado sobre a solicitude única no citado real decreto.

b) Destinar á transformación a produción procedente das citadas parcelas, amparada mediante un contrato de transformación que terá as características establecidas no artigo 31 deste real decreto.

c) Entregar á transformación un mínimo de 35.000 kg/ha de tomate. Non obstante, se o agricultor entrega a súa produción a través dunha OP, o requisito de entrega mínima entenderase cumprido para o conxunto dos agricultores incluídos no contrato formalizado entre a dita OP e un transformador cando se alcance un rendemento global establecido como cociente entre os quilogramos entregados baixo contrato e a superficie determinada total deste.

Artigo 30. *Contía e límite da axuda.*

1. A contía indicativa da axuda por hectárea será de 1.100 €/ha.

2. O importe final da axuda por hectárea será determinado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 30 de decembro do ano de presentación da solicitude única, dividindo o límite máximo mencionado no número 3 entre o total das superficies determinadas que se obterá das comunicacións efectuadas polas comunidades autónomas segundo o establecido no artigo 37 deste real decreto. Non obstante, tal importe non será inferior a 1.100 €/ha para a superficie determinada cuxa produción se destinase á fabricación de tomate pelado enteiro, cun límite de 1.300 ha.

3. Os pagamentos desta axuda neste sector e en cada campaña non poderán exceder o límite orzamentario de 28.116.500 euros.

Artigo 31. *Forma, contido e data de celebración dos contratos de transformación.*

1. Subscribirase un contrato para a transformación de tomate que deberá levar un número de identificación.

2. Os contratos poderán ser:

a) Un contrato que se celebrará entre:

1.º Parte vendedora, que poderá ser un agricultor ou unha OP.

2.º Parte compradora, que será un transformador autorizado.

b) Un compromiso de entrega cando a OP actúe tamén como transformador. Neste caso, cando a OP reciba materia prima de agricultores que non son socios desta para a súa transformación pola OP, deberase formalizar un contrato de transformación entre os devanditos agricultores e a OP.

3. Para cada ano do réxime transitorio de axudas a parte vendedora só poderá subscribir un contrato por un tipo de produto elaborado e por transformador.

4. Unha OP poderá contratar cantidades destinadas á transformación producidas por outros produtores distintos aos seus agricultores afiliados, caso en que será necesaria a subscripción dun acordo asinado entre o agricultor e a OP.

5. Os agricultores que contraten directamente cun transformador deberán contratar unha superficie mínima de cultivo de 30 hectáreas.

6. Os contratos deberán conter, polo menos, os datos que se indican a seguir:

a) A identificación das partes contratantes. No caso dos compromisos de entrega, deberá figurar a identificación da OP.

b) A relación de cada un dos produtores solicitantes da axuda amparados polo contrato e a superficie das súas parcelas de que procedan os tomates entregados á transformación e que fosen incluídas nas respectivas solicitudes únicas.

c) A cantidade de materia prima que deba entregarse para a transformación.

d) O período en que se realicen as entregas nas fábricas de transformación.

e) A obriga dos transformadores de transformar as cantidades entregadas en virtude do contrato e admitidas á transformación e o compromiso de que esas cantidades non saian da fábrica nin sexan utilizadas para outros fins.

f) O prezo de compravenda da materia prima.

7. Os contratos subscribiranse, como máis tarde, o 15 de febreiro de cada ano. Non obstante, para o ano 2008 os contratos poderanse formalizar ata o 30 de marzo.

Artigo 32. *Períodos de entrega.*

As entregas de materia prima ás transformadoras realizaranse entre o 15 de xuño e o 15 de novembro de cada ano.

Artigo 33. *Presentación dos contratos e xustificación das entregas.*

1. O agricultor que contratase directamente co transformador presentalle o contrato, xunto coa solicitude única, ao órgano competente da comunidade autónoma onde lle corresponda presentar esta. A autoridade asignaralle un número de identificación ao contrato e comunicarállelo ao solicitante e mais ao transformador.

2. A OP presentalle o contrato suscrito co transformador ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social nos 10 días hábiles seguintes á data da formalización deste. A citada autoridade asignará un número de identificación ao contrato e comunicarállelo á OP e mais ao transformador.

En caso de modificación dos contratos entregados por un agricultor ou por unha OP, tal modificación poderase presentar ante a autoridade competente ata o 31 de maio de cada ano.

3. Os transformadores deberán remitir ao órgano competente da comunidade autónoma onde se encontre a fábrica de transformación unha xustificación das cantidades entregadas á transformación baseándose en cada contrato, antes do 1 de decembro de cada ano.

4. A comunidade autónoma receptora dos datos indicados nos números anteriores remitirá á autoridade competente que corresponda a información relativa aos solicitantes que non presentasen a solicitude única no seu ámbito territorial.

Artigo 34. *Solicitudes de autorización dos transformadores.*

1. Os transformadores que están autorizados para a súa participación no réxime de axudas baseándose no Regulamento (CE) n.º 2201/1996 do Consello, do 28 de outubro, que viñeron actuando como tal nalgunha das tres campañas anteriores, consideraranse autorizados.

2. Para as novas autorizacións de transformadores que desexen participar no réxime de axudas, os interesados deberán presentar unha solicitude, antes do 15 de decembro do ano anterior ao de presentación da solicitude única, ante o órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal radiquen as súas instalacións. Non obstante, os novos transformadores que desexen participar no réxime de axudas no ano 2008, deberán presentar a citada solicitude antes do 1 de marzo do

ano en cuestión e dispor da autorización antes de formalizar contratos de transformación.

3. A solicitude de autorización dos transformadores conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo VI deste real decreto e poderá comprender un ou varios anos do período transitorio.

Xunto coa solicitude, os transformadores xustificarán, para cada unha das súas fábricas, a capacidade de transformación por hora do produto e tipo de elaborado correspondente. A acreditación de tales aspectos conterá, polo menos, os datos que figuran no anexo VII deste real decreto. Así mesmo, deberanse comprometer a levar unha contabilidade específica que permita obter, cando menos, a información, por tipo de produto elaborado, a que se refire o artigo 35 deste real decreto.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará, antes do 1 de febreiro de cada ano, segundo a información recibida en virtude do disposto no artigo 37.3, as relacións de transformadores autorizados en cada ano do período transitorio. Non obstante, no ano 2008, antes do 15 de marzo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará a lista dos transformadores autorizados ata a data.

Artigo 35. *Comunicacións dos transformadores.*

1. En cada ano os transformadores comunicarán á autoridade competente a semana en que vaian comezar as operacións de transformación cunha antelación mínima de 5 días hábiles antes do comezo das operacións de transformación.

2. O 1 de febreiro do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, como máis tarde, os transformadores de tomates comunicaranlles ás autoridades competentes:

a) A cantidade de materia prima transformada en produtos acabados considerados no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1535/2003 da Comisión, do 29 de agosto, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2201/1996 do Consello, no relativo ao réxime de axuda no sector dos produtos transformados a base de froitas e hortalizas, desagregada por tipo de produto elaborado e en función dos seguintes conceptos:

- 1.º Cantidade recibida en virtude de contratos.
- 2.º Cantidade recibida á marxe de contratos.

b) A cantidade de produtos acabados obtida a partir de cada unha das cantidades indicadas na alínea a).

c) A cantidade de produtos acabados considerados na alínea b) que tivesen en existencias en 14 de xuño, desagregada por produtos vendidos e sen vender.

As cantidades de zume de tomate e de tomate concentrado engadidas a tomates en conserva incluíranse nas cantidades de tomates pelados ou sen pelar.

3. Nas comunicacións sinaladas nas alíneas b) e c) do número precedente, incluíranse as cantidades dos produtos considerados nos puntos 9, 11, 12, 13 e 14 do artigo 2, do Regulamento (CE) n.º 1535/2003 da Comisión, do 29 de agosto, utilizados para elaborar os produtos definidos no número 15 do citado artigo.

As cantidades indicadas expresaranse en peso neto.

As comunicacións anteriormente mencionadas irán asinadas polo transformador, que certificará así a súa veracidade.

Artigo 36. *Controis.*

1. Serán de aplicación todas as medidas establecidas para efectos do control e pagamento das axudas no artigo 97 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro.

2. Os transformadores porán á disposición da Administración a súa contabilidade específica, establecida

segundo o indicado no artigo 34 deste real decreto, para as comprobacións e controis que resulten necesarios.

Artigo 37. *Comunicacións.*

As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a seguinte información:

1. Para dar cumprimento ao indicado no artigo 3.1.e).v. do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro, antes do 15 de xullo do ano seguinte ao de presentación da solicitude única, o importe total correspondente aos pagamentos que se concederon.

2. Co fin de establecer o importe final da axuda, a que se refire o artigo 30.2.b) deste real decreto, antes do 15 de decembro do ano de presentación da solicitude única, as superficies determinadas por tipo de produto elaborado.

3. A relación dos transformadores autorizados e as localidades onde estean situadas as súas fábricas, antes do 15 de xaneiro de cada ano. Ademais, en 2008, as comunidades autónomas comunicarán as novas autorizacións que se concedan a partir da citada data e ata o 15 de marzo, no prazo máis breve posible desde que sexa efectiva a devandita autorización.

Disposición adicional única. *Modificación do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, modifícase da forma seguinte:

Un. Substitúese a alínea a) do artigo 14.1, polo seguinte texto:

«a) As superficies agrarias da explotación consistentes en terras de cultivo, pastos permanentes, superficies plantadas con lúpulo, superficies con oliveiras, superficies con melocotoeiros de carne amarela aptos para transformación, superficies con pereiras das variedades Williams e Rocha, superficies con ameixeiras da variedade de Ente, superficies con figueiras e superficies de viña para produción de uvas da variedade Moscatel.»

Dous. Introdúcese unha nova alínea e) no artigo 14.1 co seguinte contido:

«e) A partir do ano 2010, as superficies plantadas con cítricos.»

Tres. Substitúese o primeiro parágrafo do artigo 15 polo seguinte:

«Os agricultores poderán utilizar as parcelas declaradas correspondentes ás hectáreas admisibles para xustificarse o pagamento dos dereitos de axuda en calquera actividade agraria con excepción da produción de patacas distintas das destinadas á fabricación de fécula, cultivos permanentes distintos aos citados no artigo 14.1 e hortaliñas distintas aos tomates para transformación.»

Catro. Substitúese o primeiro parágrafo do artigo 94 polo seguinte:

«Os agricultores que, nas datas límite de sementeira do 14 de xuño para o tomate destinado á transformación, do 15 de xuño para o millo doce e o cânabo para a produción de fibras, do 20 de xuño para o transplante de tabaco e do 30 de xuño para o arroz, non sementasen ou transplatasen, na súa totalidade ou en parte, a superficie dos cultivos citados declarada na súa solicitude de axuda, deberano comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma en que presentaron a solicitude, como máis tarde na data límite de sementeira ou transplante fixada para o cultivo, e na forma seguinte:»

Cinco. Engádesse unha nova disposición transitoria como disposición transitoria cuarta, da forma seguinte:

«Disposición transitoria cuarta. *Excepción para o 2008 no que respecta á data límite de asignación definitiva dos dereitos procedentes da reserva nacional, establecida no Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro.*

Malia o disposto no primeiro parágrafo do artigo 10.8 do Real decreto 1470/2007, do 2 de novembro, para o ano 2008, a data límite para a notificación da asignación definitiva de dereitos aos agricultores será o 31 de decembro de 2008.»

Seis. O anexo XV substitúese polo seguinte:

**“ANEXO XV
Declaración de non sementeira/transplante**

O titular da explotación cuxos datos identificativos persoais se sinalan a seguir:

Apelidos e nome ou razón social:	NIF ou CIF
Domicilio:	Teléfono:
Código postal/ Municipio:	Provincia:
Apelidos e nome do representante legal:	NIF

Declara que:

Contrariamente ao indicado na solicitude única, ano 200....., presentada o día.....

Non se sementou/transplantou na súa explotación:	<input type="checkbox"/> Cánabo (*) <input type="checkbox"/> Millo doce (*) <input type="checkbox"/> Arroz (*) <input type="checkbox"/> Tabaco (*) <input type="checkbox"/> Tomate para transformación (*)
--	--

....., de..... de 200..

Asdo.:

(*) Márquese cun “X” o recadro que proceda.

Sr..... da Comunidade Autónoma de.....”.

Sete. O anexo XVIII substitúese polo seguinte:

«ANEXO XVIII

Comarcas de España en que a transhumancia constitúe unha práctica tradicional

Comunidade Autónoma	Provincia	Comarcas	
Andalucía.	Almería.	Campos Dalías. Campos Níjar e Bajo Andárax.	
	Córdoba.	Campiña Baja.	
	Jaén.	Campiña Sur.	
	Granada.	De la Vega.	
	Huelva.	Andevalo Oriental.	
	Málaga.	Norte ou Antequera. Centro ou Guadalhorce.	
	Sevilla.	La Vega. La Campiña.	
	Aragón.	Huesca.	Hoya de Huesca. Los Monegros. La Litera. Bajo Cinca.
		Zaragoza.	Egea de los Caballeros. Borja. Zaragoza.
	Castilla y León.	León.	Tierras de León.
Palencia.		Campos.	
Salamanca.		Salamanca.	
Castilla-La Mancha.	Valladolid.	Centro.	
	Zamora.	Campos-Pan.	
	Albacete.	Centro.	
	Ciudad Real.	Campos de Calatrava. Pastos.	
Cataluña.	Toledo.	Talavera.	
	Barcelona.	Alt Penedès.	
		Anoia.	
		Baix Llobregat.	
		Barcelonès.	
		Bages.	
		Berguedà.	
		Garraf.	
		Maresme.	
		Osona.	
		Vallès Occidental.	
	Vallès Oriental.		
	Girona.	Alt Empordà.	
		Baix Empordà.	
		La Garrotxa. La Selva.	
Lleida.	La Noguera.		
	Pla d'Urgell. Segrià. Urgell.		

Comunidade Autónoma	Provincia	Comarcas
	Tarragona.	Alt Camp. Baix Camp. Baix Ebre. Baix Penedès. Montsià. Priorat. Tarragonès.
	Badajoz.	Don Benito. Badajoz.
Extremadura.	Murcia.	Río Segura. Sudoeste e Valle de Guadalentín.
Región de Murcia.	Navarra.	La Ribera.
Navarra.	Castellón.	Bajo Maestrazgo.
	Valencia.	Campos de Liria. Sagunto. Riberas del Júcar. La Hoya de Buñol.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adaptar ás exixencias derivadas da normativa comunitaria os seguintes aspectos deste real decreto:

- a) Os anexos.
- b) As datas que se establecen.
- c) Os rendementos fixados.

2. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá desenvolver os aspectos previstos nos artigos 20 e 30, cando así o exixa a normativa comunitaria europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I**Alegacións á asignación provisional de dereitos de pagamento único**

D./D.^a con CIF/NIF n.º..... con domicilio en....., localidade de....., provincia de....., CP..... e n.º tfno.:

EXPÓN

Que non está de acordo coa asignación provisoria de dereitos de pagamento único polos seguintes motivos (marcar o que proceda):

- Non se lle notificaron dereitos provisorios e realizou entregas con axuda no período de referencia.
- Existen erros materiais nos dereitos provisorios comunicados.

Nestes dous casos deberase presentar:

- Certificado da organización de produtores (OP) de froitas e hortalizas a que o produtor realizou as entregas con axuda no período de referencia, no cal se confirme a modificación de datos solicitada polo produtor. Este certificado non será necesario no sector dos cítricos.
 - Outra información que determine a autoridade competente.
- Produciuse un cambio de titularidade nos dereitos provisionais comunicados como consecuencia de:

- Herdanza real ou anticipada.
- Fusión
- Escisión
- Cambio de personalidade xurídica ou de denominación
- Compravenda

Para cada un destes casos entregarse a información contida no anexo IV

SOLICITA

Quen asina declara que os datos indicados son certos e solicita que se lle realice unha asignación definitiva dos dereitos de axuda de pagamento único conforme o exposto no artigo 9 deste real decreto, para o cal entrega a documentación necesaria.

..... de..... de 2008

Asdo.:

ANEXO II**Comunicación de inicio de actividade durante o período de referencia**

D./D.^{a*} **con CIF/NIF n.º**..... **con domicilio en**....., **localidade** **de**....., **provincia de**....., **CP**..... **e n.º tfno.:**

EXPÓN:

Que o cálculo xeral do establecemento das hectáreas e importes de referencia foi efectuado pola Administración dividindo por tres anos.

Que iniciou a actividade agraria no ano....., e que non exerceu ningunha actividade agraria nos 5 anos anteriores.

Que acredita que exerceu a actividade agraria desde ese ano ata a actualidade **(1)**.

DECLARACIÓN E SOLICITUDE:

Quen asina declara que os datos indicados son certos e solicita que se lle estableza a media do pagamento único en función dos anos en que exerceu a actividade dentro do período de referencia.

..... de..... de 2008

Asdo.:

(1) Documentación

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria durante os anos indicados. (A presentación da solicitude implica a devandita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado.....

* No caso da existencia dun herdeiro ou destinatario da explotación, cómpre expresar tamén os datos deste, que ademais deberá cubrir a solicitude correspondente baseándose no anexo I.

ANEXO III**Comunicación de causa de forza maior ou circunstancia excepcional**

D./D.^a **con CIF/NIF n.º**..... **con domicilio en**....., **localidade de**....., **provincia de**....., **CP**..... **e n.º tfno.:**

En calidade de:

- Produtor das froitas e hortalizas que se integran no pagamento único baseándose no establecido no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro.
- Herdeiro ou destinatario da explotación de D./D.^a..... CIF/NIF....., durante o período de referencia.

EXPÓN:

Que nas campañas: 2003-2004 2004-2005 2005-2006 2006-2007

a súa explotación se viu afectada pola seguinte causa de forza maior ou circunstancia excepcional:

- a) Falecemento ou desaparición física do agricultor.
- b) Incapacidade laboral de longa duración do agricultor.
- c) Catástrofe natural grave que afectase seriamente as terras agrarias da explotación (en ningún caso se poderán considerar dentro desta circunstancias climáticas anormais acontecidas nunha ou varias campañas).

SOLICITA:

Quen asina declara que os datos indicados son certos e que, segundo o indicado no artigo 13 deste real decreto, non se teña en conta o/s ano/s indicados para o cálculo do importe do pagamento único.

....., de..... de 2008

Asinado.:

Documentación:

- Caso a) Certificado de defunción ou denuncia da desaparición, declaración de ausencia ou declaración de falecemento
- Caso b) Certificado do centro xestor da Seguridade Social sobre incapacidade de longa duración.
- Caso c) Copia da solicitude de axudas PAC para o ano/anos da catástrofe e da PAC do ano anterior, e breve descrición dos feitos.
- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria durante os anos indicados. (A presentación da solicitude implica a devandita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado que xustifiquen o suposto solicitado

ANEXO IV

Documentación que se presentará en caso de cambio de titularidade dos dereitos provisorios establecidos baseándose no artigo 9 do presente real decreto.

1. En todas as solicitudes de cambio de titularidade:

- Identificación (CIF/NIF, enderezo e teléfono) do produtor/es do período de referencia e do novo propietario/s a que se deben asignar os dereitos definitivos.
- Acreditación do representante legal en caso de tratarse dunha persoa xurídica ou dun ente sen personalidade xurídica.
- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (Indícase que a presentación da solicitude implica a citada autorización).
- Outros documentos que especifique o interesado ou solicitados pola autoridade competente.

2. Herdanza real ou anticipada (incluído o usufruto):

- En caso de transferencia parcial de explotación, cómpre indicar os datos do período de referencia que pasan ao novo titular e achegar a información sobre a localización das parcelas transferidas.
- A documentación necesaria para xustificar a herdanza real ou anticipada.

3. Cambio de personalidade xurídica ou de denominación:

- Documento acreditativo do cambio do tipo de persoa xurídica ou denominación.
- Escritura pública de constitución da sociedade en caso de nova persoa xurídica.

4. Fusión de varias persoas físicas ou xurídicas noutra persoa xurídica ou ente sen personalidade xurídica:

- Copias das escrituras da sociedade actual ou agrupación resultado da fusión ou outros documentos acreditativos desta, onde se indique a data en que se levou a cabo.
- Declaración en que se recoñeza que a explotación resultante da fusión contén a totalidade das persoas físicas ou xurídicas que se fusionaron.

5. Escisión de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas físicas:

- Documento público ou privado que reflecta a escisión asinado por todas as partes e no cal se indiquen os datos do período de referencia que pasan a cada novo titular, e achegar a información sobre a localización das parcelas transferidas.

6. Contrato de compravenda de unidades de produción con dereitos:

- Documento público ou privado de transferencia asinado por ambas as dúas partes en que se indiquen os datos do período de referencia que pasan ao vendedor, achegando a información sobre a localización das parcelas transferidas ou certificación do Rexistro da Propiedade.

ANEXO V**Documentación acreditativa dos solicitantes á reserva nacional**

Con carácter xeral, os solicitantes deberán presentar:

1. Unha relación detallada de todas e cada unha das parcelas da súa explotación de acordo co disposto no Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e no Regulamento (CE) nº 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.
2. Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
3. Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria. (A presentación da solicitude implica a devandita autorización).
4. Calquera outra documentación que determine a autoridade competente.

En particular:

1. Agricultores que recibiron terras dun agricultor falecido ou xubilado da actividade agraria que tiña as terras arrendadas a unha terceira persoa durante o período de referencia.
 - Copia do arrendamento do agricultor falecido ou xubilado cun terceiro durante o período de referencia.
 - Documentación necesaria para xustificar a herdanza real ou, no caso da xubilación da actividade agraria, a cesión da actividade a favor do solicitante da reserva nacional.
2. Agricultores que efectuasen investimentos adquirindo terras ou establecendo novas plantacións na explotación.
 - En caso de compravenda de terras, documento que acredite esa compravenda e que corresponde a terras dedicadas a algún dos cultivos de froitas e hortalizas que se integran no pagamento único no ano 2008.
 - Relación de parcelas en que se levou a cabo a nova plantación dun dos sectores de froitas e hortalizas que se integran no pagamento único no ano 2008.
3. Agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes, por sentenzas xudiciais ou actos administrativos firmes.
 - Copia da sentenza ou do acto administrativo firme.
4. Agricultores que iniciasen a súa actividade agraria despois do período de referencia e antes do 1 de novembro de 2007, pero sen recibir axudas directas.
 - Documentos acreditativos do inicio da actividade.
5. Agricultores mozos
 - Documentos que acrediten, de maneira que faga fe, o inicio da actividade dentro dun programa de desenvolvemento rural, nos sectores de froitas e hortalizas.
 - Documentos acreditativos da alta na Seguridade Social, no réxime especial agrario ou no réxime de autónomos, rama agraria.
 - Documentos acreditativos da titularidade ou cotitularidade dunha explotación agraria.
 - NIF/CIF dos familiares de primeiro grao incorporados á actividade agraria.
6. Agricultores que se atopen en zonas destinadas a zonas de reestruturación ou de desenvolvemento relativas a algún tipo de intervención pública.
 - Xustificación, en cada caso, da circunstancia relativa á súa explotación dentro da zona.
7. Agricultores que se atopen nalgunha das situacións mencionadas no artigo 18.4 do Regulamento (CE) nº 795/2004 da Comisión, do 21 de abril.
 - Copia do contrato de arrendamento ou documento, se é o caso, en que conste a súa data de finalización e o número de hectáreas arrendadas.

ANEXO VI

Solicitud de autorización do transformador de cítricos e tomates

A empresa transformadora..... con
 CIF/NIF nºcon domicilio en.....,
 localidade de....., provincia de....., tel.:,
 fax:....., representada por D/D.^a en
 calidade de (1)..... dela,

EXPÓN

1. Que é titular dunha factoría en réxime de propiedade/arrendamento cuxa fotocopia do contrato se achega (rísquese o que non proceda), situada en....., localidade de....., provincia de....., na cal vai realizar a industrialización dos produtos que se solicita/n nos anos indicados.
2. Que achega certificado expedido por (2)..... relativo á capacidade industrial de transformación.
3. Que coñece e se compromete a cumprir as disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento do réxime de axudas aos produtos que se solicitan.

SOLICITA

A autorización para participar no réxime de axuda establecido polo Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro:

No ano.....

Nos anos..... (ata 2009 para cítricos e ata 2010 para tomates, inclusive)

(Rísquese o que non proceda)

Para os seguintes produtos:

Zumes de laranxas doces, mandarinas e/ou clementinas.

Zumes de limóns.

Zumes de toranxas e pomelos.

Cuarteiróns de clementinas e/ou satsumas.

Concentrado de tomate.

Tomates pelados enteiros en conserva.

Outros produtos a base de tomates.

(Rísquese o que non proceda)

..... de..... de 20....

Sr.....

(1) Propietario, administrador único, copartícipe, director,.....

(2) Autoridade competente

ANEXO VII
(presentarase co anexo VI)

Capacidade de transformación de cítricos e de tomates

D./D.^a
en calidade de.....

CERTIFICA:

Que persoal técnico desta unidade se presentou na factoría da empresa
situada en....., localidade.....
provincia.....,

e comprobou a existencia de liñas de industrialización de..... coas seguintes capacidades horarias industriais de transformación:

ZUMES	EXTRACCIÓN		PASTEURIZACIÓN (kg/h)	CONCENTRACIÓN	
	Froito fresco (kg/h)	Zume (° Brix)		(kg/h)	(° Brix)
Laranxas doces					
Mandarinas					
Clementinas					
Limóns					
Toraxas e pomelos					

- Cuarteiróns de clementinas e/ou satsumas..... kg/h de froito fresco.
- Tomates concentrados..... kg/h de froito fresco.
- Tomate pelados enteiros en conserva..... kg/h de froito fresco.
- Outros produtos a base de tomate..... kg/h de froito fresco.

É o que certifica, en o de de 20....

ANEXO VIII

Solicitud de autorización do receptor de cítricos

A empresa receptora..... con
 CIF/NIF nºcon domicilio en.....,
 localidade de....., provincia de....., tel.:
 fax:....., representada por D/D.^a en calidade
 de (1)..... dela,

EXPÓN:

1. Que é titular dunha estación de acondicionamento de cítricos en réxime de propiedade/arrendamento cuxa fotocopia do contrato se achega (rísquese o que non proceda), situada en.....
, localidade de....., provincia de....., na
 cal vai realizar a clasificación dos produtos que se solicita/n nos anos indicados.
2. Que coñece e se compromete a cumprir as disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento do réxime de axudas aos produtos que se solicitan.

SOLICITA:

A autorización para participar no réxime de axuda establecido polo Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro:

No ano.....

Nos anos..... (ata 2009 inclusive)

(Rísquese o que non proceda)

Para os seguintes produtos:

Laranxas doces, mandarinas e/ou clementinas destinadas á elaboración de zumes.

Limóns destinados á elaboración de zumes.

Toranxas e pomelos destinados á elaboración de zumes.

Clementinas e/ou satsumas destinadas á elaboración de cuarteiróns.

(Rísquese o que non proceda)

..... de..... de 20....

Sr.....

(1) Propietario, administrador único, copartícipe, director...

(2) Autoridade competente